



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (SERVIZO DE DEPORTES)

##### Anuncio

#### CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2024

##### CONCESIÓN DEFINITIVA

Para os efectos oportunos, en relación á convocatoria de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo na anualidade 2024, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día doce de xullo de dous mil vinte e catro, acordou:

1º.- *Aprobar o acordo de concesión provisional de premios a deportistas individuais, anualidade 2024, de acordo aos criterios xerais para a valoración das solicitudes reflectidos na base sétima e ao previsto na base terceira respecto da contía e distribución de premios, das bases da convocatoria, segundo as especificacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación.*

2º.- *O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org) do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.*

3º.- *Notificar o presente acordo provisional aos interesados/as de acordo ao previsto na base oitava da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións."*

De acordo co punto OITAVO. *Acordos de concesión e notificacións. Acordo de concesión provisional*, das bases da convocatoria, procedeuse á publicación no BOP N.º 168, de sábado, 20 de xullo de 2024 (**ACORDO PROVISIONAL DEPORTISTAS INDIVIDUAIS 2024**) da notificación aos interesados do acordo de concesión provisional, concedéndolles un prazo de dez (10) días contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente acordo no BOP de Lugo, para que os interesados/as poidan presentar alegacións. O referido anuncio tamén se publicou na páxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org)

En consecuencia e en aplicación do referido acordo e das previsións recollidas nas bases da convocatoria, o acordo de carácter provisional de Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día doce de xullo de dous mil vinte e catro, **terá carácter definitivo por finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións** e, en consecuencia, procédese á publicación no BOP do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos. O referido anuncio tamén se publicará na paxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org)

Ao abeiro do previsto no punto OITAVO. *Acordos de concesión e notificacións* das Bases da convocatoria e do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o acordo de concesión definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP. O referido anuncio tamén se publicará na paxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org)

O que se notifica para os efectos oportunos. Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co previsto no punto 21. *Réxime de recursos* das Bases da convocatoria, e do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Lugo, 22 de agosto de 2024.- O Presidente, P.D. Decreto de data 04/07/2023. O Deputado Delegado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2531

---

## CONCELLOS

### BEGONTE

#### *Anuncio*

Por resolución de Alcaldía de data 20.08.2024, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de xullo de 2024 do servizo de axuda no fogar a través da lei de dependencia por un importe de 5.957,34 € e o programa básico de axuda no fogar por un importe de 195 €.

Por medio do presente expónse público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 20 de agosto de 2024.- O Alcalde, D. José Ulla Rocha.

R. 2532

---

## A FONSAGRADA

#### *Anuncio*

Aprobación dun Padrón Fiscal

**Expediente número:** 840/2024

Aprobación do padrón do servizo de asistencia ao fogar no mes de xullo de 2024

Aprobado por Decreto de Alcaldía do 16 de agosto de 2024, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de xullo de 2024, polo importe total de 13.328,19€ (dependencia) e 186,00€ (prestación básica).

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 16 de agosto de 2024.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 2533

---

## MURAS

#### *Anuncio*

MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Tendo previsto este Alcalde Presidente ausentarse da Alcaldía desde o 27 de agosto de 2024 ata o 4 de setembro de 2024, ambos inclusive.

Considerando que corresponde aos tenentes de alcalde, en canto a tales, substituír nas funcións e pola orde de nomeamento ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento a este para o exercicio das súas atribucións.

En virtude dos artigos 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e artigos 44 e 47 do ROF

#### RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- DELEGAR na primeira Tenente de Alcalde dona Paula Gómez Souto a totalidade das funcións da Alcaldía desde o 27 de agosto de 2024 ata o 4 de setembro de 2024, ambos inclusive.

SEGUNDO.- Comuníquese en forma legal á interesada.

TERCEIRO.- Da presente resolución darase conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, notificarase persoalmente á interesada, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da data da mesma.

O Alcalde

Dilixencia de Secretaría

No exercicio das funcións de fe pública que me atribúe o artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, poño esta dilixencia para facer constar que a presente resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolucións deste Concello na data da miña sinatura. Esta dilixencia non presupón informe xurídico favorable ou desfavorable do seu contido.

A Secretaria-Interventora

Muras, 22 de agosto de 2024.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo. Secretaria, Silvia Lamelas Soto.

R. 2535

---

## TRABADA

### *Anuncio*

#### INFORMACION PÚBLICA DO PADRÓN DE AUGA DO 3º BIMESTRE DE 2024

Por Resolución da Alcaldía núm. 2024-0390 do 21 de agosto de 2024, resólvese a aprobación da Taxa polo abastecemento domiciliario de auga correspondente ao 3º bimestre de 2024, expoñéndose ao público polo prazo de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

De conformidade co artigo 102.3 la Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria esta publicación ten o carácter de notificación colectiva, podendo as persoas interesadas examinar o expediente e presentar os seguintes recursos:

- O recurso de reposición no prazo de 1 mes dende a publicación do presente anuncio, perante a Alcaldía, que será resolto no prazo máximo de 1 mes, transcurrido o cal entenderase desestimado.
- Contra a resolución do recurso de reposición, poderase interponer o recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei reguladora da referida xurisdición.
- A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de 1 mes.

Os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas, fixando como período de cobro voluntario do 01 de setembro de 2024 ata o 01 de novembro de 2024.

Finalizado o exercicio procederase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda.

Trabada, 22 de agosto de 2024.- Sr. Alcalde, Rubén García Freije.

R. 2534